

Xulio L. Valcárcel

Universitat de Roma La Sapienza

Como o poeta conta sílabas, Basilio Losada reconta na noite as súas patrias. Ten dezanove, pero a lista non está pechada. Vainas repasando mentalmente, avaro que goza os seus tesouros, e sente un aglaio de ledicia cando recupera a que lle faltaba: ¡a Baixa Saxonia! Basilio reconta patrias, outros recontan alfaías, rosarios, días..., billetes sentimentais.

Basilio é un narrador engaiolante, aínda que non publique ¿nin escriba? e se dedique só a facer traducións rigorosas e magníficas. Tan importante como o asunto narrado, é a vibración que transmite o xeito, tan persoal, adobiado coa súa fermosa voz de tenor, de contalo. Basilio fai crible o inverosímil. É un prestidixitador ao que escoitamos abraiaídos, como se escoita a un mago que deita da súa boca as palabras dun prodixio. Basilio é un francotirador da fantasía, as cousas visten cores escintilantes no seu verbo, degustado coa fruición gorentosa dos grandes conversadores.

Disque ten pauto co demo e que o imperio non crava nas súas carnes as duras gadoupas. É un mozo lanzal de brancas barbas e non repara en dar as craves: “moita cama, pouco prato e moito zapato”. Non parece que cumpra a primeira condición, madrugador impenitente e traballador compulsivo. Prudente no prato, o médico espera en balde que se baixe dos avións para examinarlle os oídos. Os seus zapatos coñecen o po dos cinco continentes.

Coa elegancia natural que proporciona a independencia, foi capaz de renunciar a unha casa na Coruña antes que sucumbir á curiosa imposición dunhas beatas: o rezo dun rosario semanal. Na súa cabeza inqueda mesturábanse gloriosos e dolorosos, en desordenada confusión. Finalmentẽ o gozo foi o misterio da propia liberdade. Basilio sabe o que quere.

Reflexivo, lúcido e iconoclasta, acredita nun deus cruel que somete á malpocada humanidade a castigos innecesarios e inxustos. Na súa singular teoría, Cristo no se inmolou para salvar o destino dos homes, senón para compensar co seu supremo sacrificio as falcatruadas do Pai...

Reconta Basilio as súas patrias. Ten dezanove, todas verdadeiras. Pero hai unha que só a el pertence. Un nome e un lugar preservados, incólumes. Unha patria

única, sinxela e fermosa, nun val onde encalman os ventos e o tempo acouga o seu pesadelo de séculos.. E nese val, unha casa. A súa casa.

Que o vello Simbad, prisioneiro na patria excelsa da palabra, tarde moito en regresar á illa orixinaria.